



INSTITUTO
GALEGO DE
ESTADÍSTICA



INFORME SOBRE AFILIACIÓNS Á SEGURIDADE SOCIAL

Afiliacións medias en novembro de 2023

Santiago de Compostela, 4 de decembro de 2023

Instituto Galego de Estatística
Complexo Administrativo San Lázaro s/n
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)
Contacto: <http://www.ige.gal/web/peticioninfo.jsp>
Teléfono información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)
FAX: 981.54.13.23
Páxina Web : <http://www.ige.gal>

1.- Información xeral

O número medio de afiliacións¹ ao Sistema da Seguridade Social en Galicia no mes de novembro do ano 2023 acadou a cifra de 1.063.566 para o total do sistema, o que supón un descenso respecto ao pasado mes de outubro de 2023 de 4.287 afiliacións (-0,40%). Para o conxunto estatal a cifra de afiliacións sitúase en 20.806.074, rexistrando un descenso do 0,06% con respecto ao pasado mes de outubro.

Na comparativa interanual (novembro de 2023 con novembro de 2022) obsérvase un aumento de 15.958 afiliacións no total do sistema en Galicia (1,52%) e un aumento do 2,58% (522.443 afiliacións) no conxunto estatal.


Por comunidades autónomas e con respecto ao mes de outubro de 2023, rexístrase unha subida das afiliacións en oito comunidades autónomas, destacando Madrid e a Comunitat Valenciana (0,95%); mentres que en nove comunidades autónomas baixan as afiliacións, destacando Illes Balears (-15,51%). En canto ás taxas con respecto ao mesmo mes do ano anterior, rexístranse taxas positivas en todas as comunidades autónomas. Os aumentos máis acusados prodúcense en Madrid e Canarias con taxas interanuais superiores ao 3,50%.

Cadro 1.- EVOLUCIÓN DAS AFILIACIÓNS POR COMUNIDADES AUTÓNOMAS

CCAA	AFILIACIÓN MEDIA NOVIEMBRE 2023	VARIACIONES			
		MES ANTERIOR		INTERANUAL	
		ABSOLUTA	RELATIVA	ABSOLUTA	RELATIVA
España	20.806.074	-11.583	-0,06	522.443	2,58
Galicia	1.063.566	-4.287	-0,40	15.958	1,52
Andalucía	3.351.172	20.222	0,61	63.797	1,94
Aragón	606.682	-608	-0,10	15.439	2,61
Asturias	379.280	-518	-0,14	6.759	1,81
Illes Balears	492.981	-90.495	-15,51	15.587	3,26
Canarias	903.687	7.586	0,85	31.619	3,63
Cantabria	227.297	-1.227	-0,54	2.636	1,17
Castilla La Mancha	768.538	1.495	0,19	16.551	2,20
Castilla y León	962.131	-7.096	-0,73	19.792	2,10
Cataluña	3.713.356	-1.316	-0,04	95.443	2,64
Comunitat Valenciana	2.133.941	20.002	0,95	57.238	2,76
Extremadura	411.662	3.233	0,79	5.628	1,39
Madrid	3.642.804	34.376	0,95	134.257	3,83
Murcia	645.310	5.443	0,85	14.036	2,22
Navarra	307.866	-293	-0,10	5.581	1,85
País Vasco	1.011.231	2.563	0,25	17.976	1,81
La Rioja	136.641	-671	-0,49	2.540	1,89
Ceuta e Melilla	47.930	8	0,02	1.604	3,46

Fonte: Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones

¹ O Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones tan só publica os datos de afiliación media do mes por considerala máis estable que a cifra do último día do mes e reflectir mellor como foi a afiliación no conxunto do mes.



Fonte: Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones

2.- Datos de afiliacións por provincias

O número medio de afiliacións á Seguridade Social aumentou con respecto ao mesmo mes do ano pasado en todas as provincias galegas. A Coruña é a provincia que presenta a maior subida nas afiliacións cunha taxa de variación interanual do 1,76%, seguida de Pontevedra (1,60%), Ourense (0,99%), e Lugo (0,86%).

No que respecta ás afiliacións medias deste mes de novembro con respecto ás do mes de outubro, rexistrouse en Galicia un descenso do 0,40%. Todas as provincias presentan unha taxa de variación intermensual negativa destacando Lugo (-1,11%), seguida de Ourense (-0,69%), Pontevedra (-0,31%) e A Coruña (-0,22%).

Cadro 2.- EVOLUCIÓN DAS AFILIACIÓNS Á SEGURIDADE SOCIAL. GALICIA E PROVINCIAS

PROVINCIA	AFILIACIÓN MEDIA NOVIEMBRE 2023	VARIACIONES			
		MES ANTERIOR		INTERANUAL	
		ABSOLUTA	RELATIVA	ABSOLUTA	RELATIVA
A CORUÑA	461.541	-995	-0,22	8.003	1,76
LUGO	124.152	-1.389	-1,11	1.054	0,86
OURENSE	105.344	-727	-0,69	1.030	0,99
PONTEVEDRA	372.530	-1.176	-0,31	5.871	1,60
GALICIA	1.063.566	-4.287	-0,40	15.958	1,52
ESPAÑA	20.806.074	-11.583	-0,06	522.443	2,58


Fonte: Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones

3.- Información segundo réxime de afiliación

As afiliacións ao réxime xeral, que representan o 78,90% das afiliacións galegas en novembro de 2023, diminuíron un 0,45% con respecto ao mes anterior. Na comparativa interanual obsérvase un aumento do 2,24%. En España estas taxas foron do -0,05% con respecto a outubro de 2023 e do 3,02% en relación ao mes de novembro de 2022. Por provincias, Lugo é a que presenta unha porcentaxe menor de afiliacións ao réxime xeral (73,41%).

Nas afiliacións ao réxime especial de autónomos, Lugo (-1,65%), Ourense (-1,41%) e A Coruña (-0,61%) amosan unha taxa de variación interanual negativa, mentres que Pontevedra (0,10%) presenta unha taxa de variación interanual positiva. A media da comunidade galega sitúase entón no -0,63%. Para este réxime e con respecto ao mes de outubro de 2023, baixan as afiliacións en Lugo (-0,38%), Ourense (-0,26%), Pontevedra (-0,25%) e A Coruña (-0,10%); resultando para o conxunto de Galicia unha taxa intermensual do -0,21%. As taxas nacionais para este réxime presentan unha subida interanual do 0,43% e unha baixada intermensual do 0,03%.

No que respecta ao réxime especial do mar, con respecto a novembro de 2022, baixan as afiliacións na Coruña (-11,63%), Lugo (-5,62%) e Pontevedra (-2,67%). A taxa galega acada entón o -5,51%, inferior á de España (-2,29%). Con respecto a outubro de 2023, Pontevedra presenta un incremento do 0,80%, mentres que A Coruña (-2,97%) e Lugo (-2,62%) presentan unha taxa de variación intermensual negativa. A taxa galega amosa un descenso do 0,51% con respecto a outubro de 2023. A taxa nacional é do -2,26.




Fonte: Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones

Cadro 3.- AFILIACIÓNS POR RÉXIMES E PROVINCIAS

RÉXIME E PROVINCIA	AFILIACIÓN MEDIA NOVEMBRO 2023	VARIACIÓNS RELATIVAS	
		MES ANTERIOR	INTERANUAL
TOTAL SISTEMA			
A CORUÑA	461.541	-0,22	1,76
LUGO	124.152	-1,11	0,86
OURENSE	105.344	-0,69	0,99
PONTEVEDRA	372.530	-0,31	1,60
GALICIA	1.063.566	-0,40	1,52
ESPAÑA	20.806.074	-0,06	2,58
R. XERAL			
A CORUÑA	372.584	-0,20	2,53
LUGO	91.146	-1,33	1,86
OURENSE	82.825	-0,80	1,66
PONTEVEDRA	292.587	-0,38	2,15
GALICIA	839.141	-0,45	2,24
ESPAÑA	17.400.505	-0,05	3,02
R. ESPECIAL AUTÓNOMOS			
A CORUÑA	83.701	-0,10	-0,61
LUGO	31.591	-0,38	-1,65
OURENSE	22.519	-0,26	-1,41
PONTEVEDRA	67.394	-0,25	0,10
GALICIA	205.205	-0,21	-0,63
ESPAÑA	3.343.702	-0,03	0,43
R. ESPECIAL DO MAR			
A CORUÑA	5.256	-2,97	-11,63
LUGO	1.415	-2,62	-5,62
OURENSE	0	--	--
PONTEVEDRA	12.549	0,80	-2,67
GALICIA	19.220	-0,51	-5,51
ESPAÑA	60.954	-2,26	-2,29

Fonte: Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones

4.- Evolución da afiliación



Fonte: Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones

Notas metodolóxicas

Traballadores afiliados: a afiliación ao Sistema de Seguridade Social é obrigatoria para todas as persoas incluídas no campo de aplicación da Seguridade Social e única para toda a vida do traballador e para todo o Sistema, sen prexuízo das baixas, altas e demais variacións que con posterioridade á afiliación poidan producirse. É dicir, o traballador afíliase cando comeza a súa vida laboral e dáse de alta nalgún dos réximes do Sistema da Seguridade Social; esta situación denomínase alta inicial; se cesa na súa actividade, será dado de baixa pero seguirá afiliado en situación de baixa laboral, se retoma a actividade, producirase unha alta, denominada alta sucesiva a efectos estatísticos, pero non terá que afiliarse novamente, dado que, como xa se indicou, a afiliación é única para toda a vida do traballador.

A información procede da explotación estatística do ficheiro de afiliación dos traballadores aos distintos Réximes da Seguridade Social, cuxa xestión corresponde á "Tesorería General de la Seguridad Social" e ao "Instituto Social de la Marina". A explotación é efectuada pola "Gerencia de Informática de la Seguridad Social".

Neste informe preséntanse datos das afiliacións medias mensuais.

Para máis información:

<http://www.seg-social.es>

<http://www.inclusion.gob.es/>